



En relación ás iniciativas parlamentarias núm. **6472, 6489, 8949, 9034, 9185, 9350, 9897, 9977, 11362, 11852, 12394, 12785, 13484, 13723, 14474 y 14770** nas que se reclaman diversos expedientes se informa o seguinte:

Que no Centro Integrado de Formación Profesional de Coia-Vigo se viñan almacenando desde o ano 1997 os expedientes das extintas delegacións provinciais das Consellerías de Familia, Muller e Xuventude e de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude correspondentes aos anos 1990 a 2001, debido á falla de espazo físico das dependencias das referidas delegacións provinciais.

Que os expedientes nº FM 301B 1995/555-5, FM 301B 1995/556-5, ambos de Xatevín, S.L.; FM 301B 1995/589-5, de Efectos Navales Arousa, S.L.; FM 301B 1997/46-5, de Mitulo e FM 342B 1998/942-5, de Inmobiliaria Marli, aos que se refire a solicitude de documentación das referidas iniciativas parlamentarias non puideron ser atopados no arquivo antes mencionado.

Faise constar o deterioro sufrido neste centro integrado de formación profesional de Coia-Vigo, e especialmente no soto que se utilizaba como arquivo, polas sucesivas inundacións sufridas, revestindo especial gravidade as que tiveron lugar nos anos 1998 e 2012. Estas inundacións afectaron gravemente a moitos dos expedientes alí arquivados, ata o punto de que tiveron que ser destruídos. Realizáronse obras no edificio no ano 2012 co fin de acabar co deterioro sinalado.

*destruídos  
expt*

E para que así quede constancia, ós efectos de dar resposta ás referidas iniciativas parlamentarias asino a presente en Vigo, a 11 de novembro de 2013.

Xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar de Vigo

A xefa do servizo de Traballo e Economía Social



Ana M. García Rodríguez

*Conforme co procedemento*

A SECRETARIA XERAL TÉCNICA



María Jesús Lorenzana Somoza